



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA E O COLEXIO DE AVOGADOS DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL FAMILIAR GRATUÍTA DURANTE O ANO 2020 NA CORUÑA.

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e co Colexio de Avogados da Coruña, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Política Social, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio de Avogados da Coruña, para o desenvolvemento dun programa de mediación intraxudicial gratuíta na cidade da Coruña, mediante a constitución dun equipo de mediación composto por un/unha psicólogo/a e un/unha avogado/a (así como os/as respectivos/as suplentes para supostos de incompatibilidade e incapacidade), que serán designados/as polos respectivos colexios mensualmente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Que as partes coinciden na necesidade de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos e, máis concretamente, como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o/a mediador/a familiar) que tratará de que adopten por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable, considerando as necesidades de cada membro da familia e especialmente as dos nenos/as, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.

Neste sentido, considérase que a mediación intraxudicial (aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado) resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos nos que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por ter intereses comúns, o que se adapta á perfección aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillos/as menores.





Para continuar coa implantación do programa de mediación intraxudicial, e tendo en contra a especificidade das actuacións que conleva, resulta imprescindible a colaboración tanto do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia como do Colexio de Avogados da Coruña, pois ambos están a desenvolver axeitadamente o programa e contan coas garantías derivadas da súa estrutura colexial e do control administrativo levado a cabo, circunstancias que xustifican acudir á sinatura dun convenio de colaboración e fan que non sexa posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para este fin.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital do presente documento

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobo José Rey Sastre

